

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o doce de abril de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo:

17/196 PROCEDemento DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE TRECE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓNs INFANTÍs ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2017, PRORROGABLE PARA O ANO 2018.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Contratación e do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 14 de marzo de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de trece postos de venda de mercadorías así como sete postos de atraccións infantís ecolóxicas na festa ARDE LUCUS 2017 prorrogable para o ano 2018, elaboradas polo Departamento de Xuventude deste Concello así como plano identificativo da ubicación das parcelas.

CONSIDERACIÓNs XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo, no marco da festa ARDE LUCUS 2017 desexa autorizar a instalación de trece postos en terreos de dominio público ademais de sete espazos destinados a instalación de atraccións infantís ecolóxicas nas datas 30 de xuño e 1 e 2 de xullo de 2017.

Trátase de postos que se autorizaron ocupar no ano 2015 que non foron prorrogados no 2016 e que actualmente están baleiros e a disposición do Concello para o seu uso durante ditas Festas. Así mesmo e como novidade para este ano se destinan sete espazos de dominio público para a instalación de atraccións infantís ecolóxicas.

Ó tratarse dun uso común especial pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza.

O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitara o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo. No suposto de referencia, o número de postos está limitado aos espazos que figuran no plano anexo ás bases, razón pola que se propón a tramitación dun procedemento de licitación para a concesión da autorización do uso.

Segunda. En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta as atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.ª ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización de instalación de trece postos de venda de mercadorías e sete postos de atraccións infantís ecolóxicas no ARDE LUCUS 2017 prorrogable para o ano 2018, do seguinte teor literal:

“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓN S INFANTÍS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2017 PRORROGABLE PARA O ANO 2018

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto das presentes bases é o outorgamento de autorizacións para a instalación de **trece postos** de venda de mercadorías (non se permitirá a elaboración de comida neste espazo) e **sete** atraccións infantís ecolóxicas (realizadas en madeira e de tracción manual) durante as festas de Arde Lucus 2017 que se identifican no PLANO anexo a estas Bases que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para elo polo Concello. Non se rexerán baixo as presentes os postos de elaboración de alimentos.

SEGUNDA.- MODALIDADE, PREZO E SITUACIÓN.

1.- Cualifícase o uso previsto como un uso especial do dominio público toda vez supón un uso intensivo con instalacións desmontables por parte do que resulte beneficiado, e dado que o número de espazos están limitados o outorgamento da ocupación está suxeito a autorización administrativa conforme o establecido nos

artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano competente para o outorgamento da autorización sobre cada parcela é a Xunta de Goberno Local previa tramitación do correspondente procedemento de licitación e sen prexuízo das delegacións en outro órgano municipal.

2.- A autorización da ocupación terá unha **vixencia durante a festa do Arde Lucus 2017 prorrogable por un ano máis (2018)** se ben as datas de montaxe e desmontaxe das paradas como o tempo de funcionamento para cada anualidade serán fixados polo Concello cada ano sempre durante o mes de xuño.

3.- O prezo que os titulares das autorización para a ocupación do terreo público oferten constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de **taxa** pola ocupación do dominio público que deberá aboarse conforme as Ordenanzas vixentes e que a efectos informativos se sinalan a continuación.

O prezo ofertado será un dos criterios de adxudicación para proceder á autorización da ocupación da parcela.

O importe da taxa para o ano 2017 prevista na Ordenanza fiscal 152 "taxa por aproveitamento da vía pública" (Epígrafe E, apartado A) Postos, barracas, espectáculos ou atraccións: **por m2 ou fracción de terreo ocupado por día: 0,88 euros.**

De acordo co anterior e tendo en conta os m2 de cada posto (máis o espazo de un metro a maiores de ancho para atención ó público) * VER PLANO así como a duración da ocupación (tres días) resultan as seguintes **taxas mínimas que terán a consideración de prezo mínimo inicial de licitación:**

Parcela número	Metros posto (máis un metro de ancho)	Taxa mínima
1	16X3 m. posto	168,96 euros
63	5x3 m. posto	52,80 euros
26- 58- 60	4x3 m. posto	42,24 euros
16	5x2 m. posto	39,60 euros
22- 24- 50- 55	3x3 m. posto	31,68 euros

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

29- 32- 54	2x3 m. posto	21,12 euros
------------	--------------	-------------

Atraccións infantís ecolóxicas (atraccións realizadas en madeira e de tracción manual)

Parcela número	Metros posto (máis un metro de ancho)	Taxa mínima
Atracción ecolóxica 1-H	5x3,5 m. posto	59,40 euros
Atracción ecolóxica 2-H	4x3 m. posto	42,24 euros
Atracción ecolóxica 3-H	8m. circular (4x4m) posto	52,80 euros
Atracción ecolóxica 4-H	4x4 m. posto	52,80 euros
Atracción ecolóxica 5-H	3X2 m. posto	23,76 euros
Atracción ecolóxica 6-H	6m. per. (5x5m) posto	79,20 euros
Atracción ecolóxica 7-H	7x3 m. posto	73,92 euros

4.- As localizacións dos postos de venda de mercadorías e atraccións infantís ecolóxicas, así coma a súa distribución queda determinado no plano anexo a estas bases do Proxecto de Arde Lucus. Os interesados só poderán presentar oferta para dúas parcelas (identificadas como parcela 1 é 2 no anexo da oferta), se ben só poderá ser beneficiario dunha, agás no caso das atraccións infantís ecolóxicas, onde se poderán autorizar varias a un mesmo beneficiario no caso de que ditas atraccións sexan substancialmente diferentes a xuízo da Sección de Xuventude mediante informe motivado. No caso de que un mesmo licitador presentara a mellor oferta para os dous postos de venda solicitados, o Concello reservarase a facultade de adxudicarlle o posto que estime máis conveniente por mor da obtención dunha maior recadación das taxas, de evitar a existencia de postos baleiros sen asignar ou por calquera outra causa debidamente motivada en función do interese público.

5.- Co fin de garantir maior variedade nas mercadorías a venda e das atraccións ecolóxicas, non se permitirá máis dun 10% de paradas de similares características, confeccionándose á hora de baremar diferentes listados atendendo as mercadorías postas a venda.

TERCEIRA.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN.

1.- Tanto a data de montaxe e desmontaxe dos postos de venda de mercadorías e das atraccións infantís ecolóxicas, como o tempo de funcionamento serán fixados polo Concello cada ano.

2.- Os postos de venda de mercadorías poderán iniciar a montaxe o día xoves 29 de xuño de 2017 a partir das 20:00 horas sen que se poda iniciar a actividade de venda e das atraccións. O horario de apertura do mercado será o seguinte:

- Venres 30 de xuño de 2017: de 16:00h a 00:00h.
- Sábado 1 de xullo de 2017: de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 00:00h.
- Domingo 2 de xullo de 2017: de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 21:30h.

Os postos de venda e atraccións estarán instalados o venres 30 de xuño ás 15:00 horas. Un representante do Concello comprobará que a mercancia exposta é que foi aprobada previamente, que os prezos dos produtos estean visibles e a indumentaria dos adxudicatarios estea baseada na época romana.

Este é o horario de apertura do *Macellum* durante o cal todos os postos de venda deberán permanecer abertos. A elección dos adxudicatarios poderán ampliar o mesmo, os mediodías, e o venres 30 e sábado 1 pola noite sempre que non superen as 02:00h da madrugada de cada día.

4

O día 2 de xullo procederán á desmontaxe a partir das 21.30h.

- 3.- O primeiro día do Arde Lucus, cando se proceda á inauguración da festa, deberán estar montados os postos de venda de mercadorías e as atraccións infantís ecolóxicas obxecto de adxudicación. En caso de non ser así perderán automaticamente os dereitos á ocupación dos terreos adxudicados, así como á devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.
- 4.- Os accesos ós colexios, institucións e negocios privados, así como o paso necesario para os vehículos de emerxencia permanecerán libres de obstáculos e garantidos en todo momento.
- 5.- O adxudicatario non poderá proceder á montaxe do posto de venda de mercadorías ata que o representante do Concello non lle sinala a localización e os límites da súa parcela.
- 6.- Cando por causas imputables ó beneficiario o dereito á utilización especial do dominio público autorizado non se leve a cabo **non** procederá a devolución do importe da taxa.

CUARTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE LICITACIÓN. REQUISITOS.

A autorización do uso especial do dominio público mediante ocupación temporal dos espazos sinalados realizarase mediante licitación pública a fin de garantir o principio de igualdade e concorrencia dos posibles interesados mediante **procedemento aberto** (art. 78.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais). Están facultados para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e estean dados de alta e ó corrente no pagamento no I.A.E no epígrafe correspondente ou se comprometan a darse de alta con anterioridade á celebración da festa.

Así mesmo os licitadores deberán atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo.

Poderán presentarse a este procedemento cooperativas e socios cooperativos individualmente se ben neste último caso o cumprimento de tódolos requisitos, en particular a alta no IAE e os seguros de responsabilidade civil deberán referirse ó solicitante (socio cooperativo).

Os autorizados deberán ter cuberta a responsabilidade que xere a súa actividade para o que deberán contar cun seguro de responsabilidade civil en vigor durante a Festa e cunha cobertura mínima de 200.000 euros que incluírá a cobertura de produtos, agás as atraccións infantís ecolóxicas que deberán ter cuberta a responsabilidade que xere a súa actividade para o que deberán contar cun seguro de responsabilidade civil en vigor durante a Festa e cunha cobertura mínima de 1.000.000 de euros que incluírá as coberturas de explotación e patronal, con un sublímite por vítima de alomenos 250.000 euros.

A seguridade dos postos de venda de mercadorías e atraccións infantís ecolóxicas e da súa instalación será responsabilidade dos propietarios destes os cales disporán dos certificados técnicos que o avalen.

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

QUINTA. INDEMNIZACIÓN POR DANOS NO DOMINIO PÚBLICO. IMPOSICIÓN DE SANCIONES.

Cando o aproveitamento especial levase consigo a destrucción ou estrago do dominio público o beneficiario estará obrigado a reparar os desperfectos ocasionados a súa costa e ademais poderanse impoñer as sancións establecidas no Título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables o beneficiario indemnizará ó Concello de Lugo na contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado e quedará imposibilitado para participar nos procedementos para autorización da instalación de postos nas vindeiras edicións do Arde Lucus nos catro anos seguintes.

SEXTA. ANUNCIO DE LICITACIÓN. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es/perfilcontratante/outros).

O prazo de presentación da documentación será de **TRINTA días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sobres de que se inclúa a documentación presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Ronda Muralla 197 27002 Lugo), en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas na forma indicada no artigo 38 da LRXPAC. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello de Lugo, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío en Correos e comunicarlle ó Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día a remisión da oferta (fax. 982.29 72 59) Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os interesados en participar presentarán unha **instancia ou escrito conforme ao modelo do ANEXO a “PRESENTACIÓN DE PLICAS”** que se achega ao final destas Bases xunto con **DOUS SOBRES PECHADOS** asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar en cada un dos sobres o título do procedemento (**LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓN INFANTÍS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2017 PRORROGABLE PARA O ANO 2018**), nome do interesado, dirección, teléfono e fax, correo electrónico para os efectos de notificacións.

Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B, OFERTA.

Dentro do **SOBRE A : DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA** incluírase a seguinte documentación:

- **ANEXO I destas Bases** debidamente cumprimentado e asinado polo licitador.
- **ANEXO II destas Bases** debidamente cumprimentado e asinado polo licitador.
A comprobación do cumprimento de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello.

- **DNI** do licitador, se se trata de empresario individual, ou **escritura de constitución** se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

- **Certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria de non ter débedas** con este organismo.

Este certificado deberá estar vixente no momento da celebración da Feira polo que terase en conta a data da súa expedición para comprobar a súa vixencia (lémbrese que estes certificados teñen normalmente unha vixencia de seis meses dende a expedición).

No caso de que a vixencia deste certificado caducase antes das datas de celebración do Arde Lucus deberá presentarse un certificado novo con un antelación mínima de 10 días naturais antes da Festa.

- **Certificado en vigor expedido pola Seguridade Social de non ter débedas** con este organismo.

Este certificado deberá estar vixente no momento da celebración da Feira polo que terase en conta a data da súa expedición para comprobar a súa vixencia (lémbrese que estes certificados teñen normalmente unha vixencia de seis meses dende a expedición).

No caso de que a vixencia deste certificado caducase antes das datas de celebración do Arde Lucus deberá presentarse un certificado novo con un antelación mínima de 10 días naturais antes da Festa.

- **Copia da alta no epígrafe correspondente do I.A.E.** e, se é o caso, copia do **pagamento do último recibo** do dito imposto.

Dada a especial natureza da actividade admitírase a aqueles licitadores que no momento da solicitude non estiveran dados de alta por tratarse dunha actividade estacional en cuxo caso deberán achegar unha **declaración responsable comprometéndose a estar dado de alta nas datas da festa (conforme o modelo do ANEXO II).**

Dentro do **SOBRE B : OFERTA** incluírase a seguinte documentación:

- **ANEXO III destas Bases** .- Oferta debidamente cumprimentada.
- **Fotografías recentes** do posto de venda ou atracción infantil ecolóxica e da súa decoración, así coma das mercadorías expostas a venda, vestimenta das persoas e calquera outro material que considere necesario para poder valorar a adaptación do posto en cuestión á época representada e calquera documentación que considere necesario presentar para baremar a solicitude.

ADVÉRTESE: Que a falta de presentación de instancia cos datos identificativos persoas e do procedemento (ANEXO A) así como a presentación de documentación (sobres A e B) en sobres abertos ou a presentación dentro do sobre A da oferta e datos que deban ir dentro do sobre B, ou a non presentación das fotografías recentes no sobre B, implicará a exclusión do procedemento.

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

A adxudicación do posto quedará condicionada se é o caso á presentación da copia da alta no IAE, da póliza e recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil esixida así como á acreditación de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O cumprimento destas obrigas deberá acreditarse **cunha antelación mínima de 10 días naturais antes do día de inicio da festa.**

OITAVA.- PERÍODO DE VIXENCIA DAS ADXUDICACIÓNS.

A autorización terá **vixencia durante a festa do Arde Lucus 2017, e terá carácter prorrogable por un ano máis (ano 2018).** Para a que a prórroga sexa efectiva deberá presentarse obrigatoriamente a solicitude de prórroga, acompañada da documentación pertinente, **no mes de xaneiro do ano seguinte** quedando en todo caso esta petición subordinada á decisión municipal sen que a denegación de prórroga poda supoñer en ningún caso indemnización algunha.

Para os efectos de conceder a prórroga os interesados deberán presentar xunto coa solicitude de prórroga a mesma documentación que para a solicitude inicial e que se indica na Base sétima.

Na resolución de concesión de prórroga para o ano 2018 indicárase os importes e prazos para aboar a taxa ofertada.

NOVENA: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

1.- Oferta económica (ata 30 puntos).

Obterán a máxima puntuación neste apartado (30 puntos) o licitador que oferte o prezo máis alto para cada parcela, tendo en conta as características especificadas nestas bases. Obterán 0 puntos aqueles licitadores oferten a taxa mínima considerada como tipo inicial de licitación e que se sinala na cláusula segunda para cada tipo de parcela e o resto das ofertas valoráranse de forma directamente proporcional.

Os licitadores que oferten un prezo inferior ó tipo mínimo fixado nestas bases para a parcela solicitada quedarán excluídos do procedemento.

2.- Adecuación das paradas e da súa decoración, así como a vestimenta das persoas encargadas da venda e os produtos que se ofertan (ata un máximo de 10 puntos). Para a súa valoración será necesario a presentación de fotografías recentes.

3.- Por posuír **carne de artesán ou** documento comprobativo da actividade artesanal, expedido pola Comunidade Autónoma correspondente (5 puntos).

4.- Pola **realización gratuíta de obradoiros** de demostración de artesanía (0,50 por cada hora de demostración de obradoiros ata un máximo de 5 puntos), a organización determinará en consenso cos artesáns os horarios de demostración ó público.

Resultará seleccionado o que obteña maior puntuación conforme os criterios establecidos anteriormente. No caso de producirse empate no cómputo das puntuacións primará a oferta económica.

Quedarán excluídos do procedemento aqueles licitadores que á vista da documentación presentada, en particular as fotografías ou descrición da decoración das paradas, vestimenta e produtos ou materias á venda non resulten conformes coas esixencias destas bases por non ser acordes coa

temática do mercado romano ou por supoñer un incumprimento das obrigas establecidas nestas bases. Non se aceptarán paradas que poñan a venda produtos ou roupas non acordes a época que representa a festa.

DÉCIMA: PROCEDEMENTO.

O acto público de apertura das proposicións dos interesados celebrarase ó **terceiro día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Para o outorgamento da autorización para o uso especial do dominio público o órgano competente estará asistido por un órgano integrado polos seguintes membros:

- Un/unha traballador/a da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.
- Un técnico/a do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.
- O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

A comisión avaliadora cualificará a documentación presentada podendo conceder un prazo de dez días hábiles para a subsanación de erros e/ou a falta de documentación esixida. Esta subsanación poderá ser requirida mediante notificación ao correo electrónico ou telefónicamente.

A Comisión avaliará a ofertas presentadas e realizara, tendo en conta os criterios de adxudicación establecidos, unha proposta de adxudicación ó órgano competente do Concello elaborando a lista de solicitudes por cada categoría de venda e dentro desta por orde de puntuación para utilizar en caso de adxudicación directa.

Se trala selección pola Comisión quedasen postos sen cubrir, esta invitará ós interesados que presentaron oferta pero non foron seleccionados por calquera circunstancia ós efectos de que, si o estiman oportuno, presenten no prazo máximo de cinco días hábiles dende a invitación nova oferta de prezo para algún dos postos que quedaron vacantes.

O órgano municipal competente, á vista da proposta da Comisión Avaliadora, resolverá o procedemento. Este acordo ou resolución notificarase ós interesados e publicarase no perfil do contratante.

A adxudicación quedará condicionada, se é o caso, á presentación da correspondente alta no IAE e recibo de pagamento, á acreditación do cumprimento de tódolos requisitos esixidos nestas Bases, en particular a existencia de seguro de responsabilidade civil e cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT e Concello de Lugo e da Seguridade Social.

Nestes casos na resolución de concesión da autorización indícarase o prazo para a xustificación dos ditos requisitos que en todo caso terá como data límite dez días naturais anteriores ó inicio da Festa.

O prezo ofertado (taxa) correspondente ás festas **ingresarase nos prazos que se indiquen na resolución en virtude do cal se concede autorización para a instalación do posto.**

De non aboarse o importe ofertado nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

DÉCIMO PRIMEIRA: DEREITOS E OBRIGAS.

Dereitos.

- Os adxudicatarios terán dereito á utilización do dominio público exclusivamente para o exercicio da actividade de postos de venda de mercadorías, de acordo co establecido nestas bases.
- O Concello de Lugo proporcionará puntos de auga e luz suficientes para que os adxudicatarios desenvolvan a súa actividade non podendo sobrepasar os límites de potencia eléctrica solicitada na ficha de inscrición.

Obrigas.

- Os autorizados deberán instalar o posto de venda de mercadorías na parcela adxudicada, quedando prohibido calquera traspaso ou cesión do dereito sen prexuízo de que a atención directa ó público se realice por persoa distinta ó autorizado. Neste caso deberase aportar á Sección de Xuventude a identificación da dita persoa e o xustificante legal da súa relación laboral co titular da autorización.
- Os autorizados teñen que decorar os seus espazos de acordo ca proposta presentada na solicitude, a cal debera obedecer as seguintes indicacións:
 - a) Os postos deben ser de madeira ou en caso contrario, estar cubertos de tecidos rústicos (lenzo, tea de saco, liño). Non estarán a vista plásticos nin materiais que non estean acordes ca época romana a recrear, non podéndose fixarse ou ancorarse no pavimento.
 - b) Quedan prohibidas as carpas industriais, toldos de plástico e estruturas artificiais non acordes á época.
 - c) Cada autorizado deberá posuír, como requisitos mínimos: unha alargadeira eléctrica para conectarse ao punto de luz subministrado; elementos necesarios para iluminar a súa parada, **así como un cadro con un interruptor térmico e un diferencial no seu posto de venda.** Os adxudicatarios deberán iluminar as súas paradas con lámpadas de baixo consumo, as cales deberán estar disimuladas.
 - d) Todos os carteis, prezos e rótulos estarán adaptados a estética romana.
 - e) Non se poderán empregar balanzas, excepto as “romanas” a non ser que estean debidamente tapadas ou disimuladas para que non se vexa ningún material que non sexa acorde ca temática da festa. Igualmente sucederá cas calculadoras.
- Os autorizados promoverán a venda e/ou demostración de materiais e produtos acordes ca época de recreación do “ARDE LUCUS”: traballos en barro, vimbio, madeira, coiro, pedra, ferro, peles, tecidos, osos, hastas, flores, bixutería, xoiería, armas, vestiario, calzado así como produtos alimenticios e plantas. De igual xeito poderase vender calquera outro material ou produto non incluído anteriormente e que se axuste a temática da festa.
- **Os produtos e materiais a venda deberán ser acordes á temática do mercado romano.**
- Os autorizados comprométese a vender exclusivamente os materiais e produtos descritos na ficha de inscrición e para os cales a organización concedeu autorización. **En caso contrario, a organización poderá ordenar a retirada dos**

produtos non aprobados e incluso o peche da parada. Sen que estas medidas supoñan o reembolso das cantidades abonadas previamente polo licitador.

- Non se fará publicidade de ningunha marca comercial; excepto no caso de que sexan produtos elaborados polo adxudicatario.
- O Concello de Lugo esixirá a existencia nas paradas que para a realización de demostracións ou fabricación in situ empreguen combustibles ou materiais inflamables, dispoñan das medidas de prevención para combater posibles conatos de incendios, esixíndose como mínimo a presenza dun extintor.
- Todas as persoas que vaian estar no posto vestirán traxes acordes a época romana, durante todo o período de funcionamento do mercado, non exhibindo en circunstancia algunha, obxectos utilitarios ou adornos modernos, como reloxs, teléfonos móbiles, zapatos ou outros.
- Os autorizados observarán cos usuarios do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- Os autorizados respectarán o horario de apertura do mercado.
- Os autorizados que realicen demostracións de fabricación de artesanía de cara o público, deberán respectar o horario establecido pola organización.
- O servizo prestarase coa continuidade convida, adaptándose en todo caso o seu horario e días de apertura ó establecido para o funcionamento.
- O autorizado cumprirá en todo momento as instrucións de orde xeral que lle sexan formuladas pola Administración.
- Os autorizados están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.
- Os autorizados presentarán ante Xuventude, para o seu selado, a lista de prezos que terá vixencia durante a festa e que deberá estar exposta nun lugar visible ó longo da mesma. Así mesmo, deberán respectar a lexislación vixente sobre os dereitos do consumidor.
- Os autorizados deberán comprometerse a que, unha vez rematada a vixencia da autorización e desmontado o posto, a parcela deberá estar nas mesmas condicións que ó inicio da actividade.

O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado polo adxudicatario non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

O Excmo. Concello de Lugo resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais este o deber de facilitarlle ó Concello canta información ou documentación lle solicitase calquera dos seus departamentos.

DÉCIMO SEGUNDA: PROHIBICIÓNS.

Ó montar e desmontar as instalacións e durante todo o período de vixencia da licenza queda totalmente prohibido:

- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
- Ó montar e desmontar a parada durante a festa.

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

- Acumular desperdicios no exterior dos postos de venda de mercadorías.
- Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar pólas de árbores e arbustos existentes.
- Cravar elementos punzantes no pavimento, así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordes perimetrais etc.) manteranse perfectamente conservados.
- A utilización de elementos visibles non acordes coa temática da festa (plásticos, reloxs, roupa actual, ...)
- Iniciar a montaxe da actividade antes do planeamento e a autorización polos técnicos municipais e a modificación do emprazamento da actividade unha vez verificado.
- Facer publicidade de marcas que non sexan patrocinadores do Arde Lucus.
- O uso de megafonía.
- Non se permitirá a instalación de postos de elaboración de comidas neste espazo.
- Está prohibido á venda de produtos de plástico, modernos, ... ou que non se adapten a época do mercado.

O incumprimento dos puntos anteriores obrigará ao adxudicatario a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúe o Concello, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación e perdendo o dereito a participar no procedemento de licitación en anos posteriores.

DÉCIMO TERCEIRA: INFRACCIONS.

Sen prexuízo da extinción da autorización polos motivos sinalados na cláusula décimo primeira, o incumprimento das obrigas sinaladas na cláusula décimo segunda ou a comisión dalgunha das prohibicións sinaladas anteriormente dará lugar á imposición de sanción consistente na perda do dereito a participar en procedementos de licitación posteriores ademais da indemnización dos danos e prexuízos causados.

DÉCIMO CUARTA: EXTINCIÓN DAS LICENZAS.

Declararase a extinción da adxudicación:

- De mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ó propio Concello nin a outros adxudicatarios.
- Por resolución do Concello cando:
 - Por falta de pago das taxas e o prezo ofertado nos prazos establecidos
 - adxudicatario non aboe os danos causados nin as sancións impostas.
 - adxudicatario se negue reiteradamente a cumprir as ordes da Administración cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios.
 - Exista incumprimento das obrigas de adxudicatario sinaladas na cláusula décimo primeira ou a comisión das prohibicións a que se refire a cláusula décimo segunda.

A extinción da licenza será efectuada polo órgano competente, despois do informe da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, sen prexuízo do trámite de audiencia ó adxudicatario.

A extinción culpable da licenza dará lugar á inhabilitación do industrial para ser adxudicatario dun posto de venda de mercadorías no Arde Lucus durante os próximos CATRO ANOS e a orde de levantamento e desmontaxe do posto de venda de mercadorías, todo isto sen prexuízo de esixirlle ó adxudicatario, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades que procedan.

 Concello de Lugo						
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"						
DATOS DO LICITADOR						
NOME DO LICITADOR (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)						
ENDEREZO:						
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE: <input type="checkbox"/> DNI/NIF <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		<table border="1"> <tr> <td>NÚMERO</td> <td>LETRA</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> </tr> </table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA					
REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):						
NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:				
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:				
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:						
PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE						
EXPTE. REF.: 14- 2017						
DENOMINACIÓN: PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓN INFANTÍS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2017 PRORROGABLE PARA O ANO 2018						
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:						

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

SOBRE A: documentación administrativa.
SOBRE B: oferta

Lugo, _____ de _____ de
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello

ANEXO I (INCLUIR DENTRO DO SOBRE A)

RÓTULO PARADA							
APELIDO 1		APELIDO 2		NOME		CIF/NIF/NIE	
DOMICILIO			CP	POBOACIÓN	PROVINCIA	PAIS	
TELÉFONO		TF MÓBIL		FAX	E-MAIL		
Nº CARNÉ/CARTA ARTESÁN			CCAA QUE A EMITE			VÁLIDO ATA	
CERTIFICADO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS			REXISTRO DE SANIDADE		DE		
OFICIO OU ACTIVIDADE							
PRODUTOS QUE ELABORA OU COMERCIALIZA							
MATERIAIS QUE UTILIZA NA ELABORACIÓN							
TALLER DEMOSTRATIVO / Nº DE HORAS (DESCRÍBAO BREVEMENTE)							
NECESITA ELECTRICIDADE			ESPECIFICAR UTILIZACIÓN		POTENCIA SOLICITADA		
PRECISA BUTANO?	ESPECIFICAR UTILIZACIÓN			FECHA REVISIÓN DE INSTALACIÓN		DISPÓN DE EXTINTOR?	
DESCRIPCIÓN DA PARADA		METROS LINEAIS		METROS DE FONDO (INCLUIDO FONDO DO TEITO)		METROS DE ALTURA	
DATOS DO VEHICULO/S DE MONTAXE							

14

MATRÍCULA 1		MATRÍCULA 2		MATRÍCULA 3	
-------------	--	-------------	--	-------------	--

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos reflectidos neste documento son verídicos.

Asinado o titular ou responsable da Parada

Fecha solicitude: _____ de _____ de 2017

ANEXO II (INCLUÍR DENTRO DO SOBRE A)

DECLARACIÓN XURADA

Dna./D. _____ co NIF nº _____
en calidade de _____ da
empresa _____ con enderezo social en
_____ e con CIF nº _____ en relación co “

**PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN
DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓNS INFANTÍS
ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2017 PRORROGABLE PARA O ANO 2018 ”
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE :**

1.- Aceptar total e incondicionalmente as obrigas e dereitos establecidos nas Bases reguladoras do procedemento de autorización sendo coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

2.- Comprométome a dar-me de alta no Imposto de Actividades Económicas nas datas da festa de Arde Lucus 2017.

3.- Cumprir coas disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.

4.- Comprométome a presentar a póliza do seguro de responsabilidade civil esixida nas Bases reguladoras do procedemento así como a xustificación do pagamento do recibo correspondente.

5.- Que está o corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, co Concello de Lugo e coa Seguridade social autorizando a acceder ós meus datos de carácter persoal relativos ó cumprimento das miñas obrigas tributarias co Concello de Lugo para a súa comprobación de oficio.

En _____, a ___ de _____ de 2017

Asdo.: _____
(Nome e selo da empresa)

ACTAS E GOBERNO

CFP/mbfc

Refª: 17x160170196

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-4-2017

**ANEXO III – OFERTA (INCLUIR DENTRO DO
SOBRE B xunto coas fotografías)**

Don/a _____ con DNI _____ domicilio en _____, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de _____, con DNI ou CIF nº _____), fago constar:

a) Que solicito tomar parte no procedemento convocado polo Concello para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓNS INFANTÍS ECOLÓXICAS DURANTE AS FESTAS DE ARDE LUCUS 2017 prorrogable PARA O ANO 2018**

b) Que opto á adxudicación dos postos cos seguintes números (**indicar a orde de preferencia e fila e número**) e oferta o seguinte importe como **canon**:

1) Posto num _____: _____ euros

2) Posto num _____: _____ euros

c) Dispoño de **carne de artesanía** (Cubrir os datos só no caso que proceda):
Nº CARNÉ/CARTA ARTESÁN CCAA QUE A EMITE VÁLIDO ATA

d) Comprométome a realizar gratuitamente **obradoiros de demostración de artesanía**:

TALLER DEMOSTRATIVO / Nº DE HORAS
(DESCRÍBAO BREVEMENTE)

e) Acepto incondicionalmente cantas obrigas e condicións se deriven destas bases técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

f) Reúno todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

g) Que acepto que tódalas notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento de licitación como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen no **seguinte enderezo de correo electrónico**: _____

En _____, a ____ de _____ de 2017

Asdo.: _____
(Nome e selo da empresa).”

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Delegar a competencia para a resolución deste procedemento e demais actos de desenvolvemento e execución destas Bases na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico ou naquel Concelleiro/a que legalmente a substitúa.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e o do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.